
Consideracións sobre os controis terreo de superficies nas axudas directas da PAC en Galicia

27.10.2016

INDICE

- 1. Cuantificación do traballo en Galicia**
- 2. Tipos de controis a realizar**
- 3. Métodos actuais para a realización dos controis sobre o terreo**
- 4. Conclusións preliminares**

1. Cuantificación do traballo en Galicia

- Máis de 31.000 solicitantes
- En torno a 1,2 M de parcelas agrícolas declaradas
- Unhas 450.000 ha declaradas
- **Control sobre o terreo:** unhas 100.000 parcelas agrícolas e unhas 40.000 ha

2. Tipos de controis a realizar

2.1 Controis de admisibilidade

2.2 Determinados controis da condicionalidade

2.3 Alegacións ao SIXPAC

2. Tipos de controis a realizar

Os controis sobre o terreo deberán realizarse de forma que **garanticen a comprobación eficaz** do cumprimento das condicións de concesión das axudas e dos requisitos e normas da condicionalidade (art. 24 do Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014)

Imprescindible garantir a calidade dos controis para superar as numerosas auditorías e evitar correccións financeiras.

2.1 Controis de admisibilidade (I)

Gran parte concentrados en concellos seleccionados anualmente

A. Superficies:

- Circular Fega e documento da Comisión DSCG/2014/32 FINAL (anexo 3 da Circular)
- Medición e delimitación dentro de cada recinto das parcelas agrícolas admisibles e das superficies non admisibles (camiños, construcións, silos e outras superficies non adicadas á actividade agrícola) que se descontarán agás as superficies que se consideren “elementos da paisaxe”.
- **Medición de superficies. Art. 38 do Rgto 809/2014. Tolerancia máxima 1,25 m**

2.1 Controis de admisibilidade (II)

- Verificar os cultivos presentes en determinadas épocas do ano (maio-xullo; outono-inverno),
- Actividade agraria anual (basicamente pastoreo, sega, roza ou cultivo),
- Predominancia herbácea e Coeficiente de Admisibilidade dos Pastos (CAP) especialmente importante nos pastos arbustivos e pastos arborados (para a valoración do CAP poden ser de utilidade o apoio das capas raster do CAP: solo, pendente e vexetación)

Principais cultivos declarados en Galicia

	Cultivo declarado	Nº parcelas	Superficie (ha)
1	PASTIZAL DE 5 OU MÁIS ANOS	708.568	240.374,69
2	PASTOS DE MENOS DE 5 ANOS	234.329	84.351,03
3	MILLO	129.277	62.788,68
4	PASTO ARBUSTIVO DE 5 O MAS ANOS	14.831	29.966,40
5	TRIGO BRANDO	18.534	9.435,73
6	PATACA	18.668	4.310,72
7	BARBEITO SEN PRODUCCIÓN	5.725	3.048,08
8	CENTEO	6.221	2.706,66
		1.136.153	436.981,99
	RESTO DE CULTIVOS	57.436	15.279,58

2.1 Controis de admisibilidade (III)

- No caso de axudas AEC ou AE (8-10% dos expte en control terreo)
 - Prácticas de manexo:
 - Aplicación de lodos de depuradora,
 - Verificación do pastoreo declarado (presenza de animais ou evidencias da mesma),
 - Aplicación de fitosanitarios (herbicidas ou outros) nas parcelas declaradas ou colindantes,
 - Laboreo para previr a erosión (recintos > 1ha e pte. > 15% non labrar con volteo na dirección da máx. pte.)



Indicadores de pastoreo



As dexeccións dos animais, presenza de comedeiros e cercados xunto coa altura e tipo de vexetación

2.1 Controis de admisibilidade (IV)

- Outros (AE): presenza de masas de auga dentro ou nas proximidades das parcelas (≤ 50 m)

En Galicia, medición e comprobación das condicións de admisibilidade no 100% das parcelas agrícolas da explotación.

B. Conteo de animais/colmeas

C. Comprobación de cadernos de explotación, almacenamento de fitosanitarios, carné de aplicador, revisión periódica dos equipos de aplicación, etc.

2.2 Determinados controis da condicionalidade (I)

Requisitos e normas das que o Fogga é o OEC (RLX 2 e 3 e BCAM. Anexos VI e VII da *Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control*. DOG 1/02/2016). Un 20-25% dos expte. en control terreo ($\approx 1\%$ dos expte.):

1. Cambios ou transformacións da cuberta vexetal, levantar edificacións ou modificar camiños sen autorización da administración cando sexa preceptiva
2. Déposito, máis aló do bo uso necesario, ou abandono na explotación de envases, plásticos, cordas, aceite ou gasoil da maquinaria, utensilios agrícolas en mal estado ou outro produto biodegradable ou non biodegradable.
3. En zonas afectadas por Plans de Recuperación e Conservación de especies ameazadas, cúmprese o establecido nos mesmos sobre uso ilegal de sustancias tóxicas, a electrocución, etc

2.2 Determinados controis da condicionalidade (II)

4. Realizar actuacións, xa sexa, plan, programa ou proxecto, que require o sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica ou Avaliación de Impacto Ambiental, disponse do correspondente certificado de non afección a Natura 2000, a declaración de Impacto Ambiental, e cantos documentos sexan preceptivos en ditos procedementos:
 - Novas construcións de aloxamentos gandeiros (de certa embergadura, suxeitos a AA)
 - Transformación de superficies para explotación agrícola ou forestal (cambios de uso) > 10 ha
 - (...)
5. Franxas de protección nas marxes dos cursos de auga (presenza de cultivos, emprego de fertilizantes ou fitosanitarios)
6. Protección das augas subterráneas contra a contaminación (parcelas de castigo, fosas de xurro de capacidade insuficiente ou con fugas, inadecuado illamento dos estercos almacenados, etc)
7. Cobertura mínima do solo (pte \geq 15% evitar laboreo do solo antes dunha determinada data, manter vexetación nos cultivos leñosos, etc)

2.2 Determinados controis da condicionalidade (III)

8. Xestión mínima das terras que reflicta as condicións específicas locais para limitar a erosión (pte > 15% non labrar na dirección da máxima pendente)
9. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas: prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias.
10. Mantemento das particularidades topográficas (sebes, árbores en fila ou grupo, illas ou enclaves de vexetación) e prohibición de cortar sebes e árbores durante a temporada de cría e reprodución das aves (marzo-xullo).

2.3 Alegacións ao SIXPAC

1. Parcelas concretas e dispersas por toda Galicia
2. Cambio de uso total ou parcial dun recinto
3. Cambios de CAP.

Métodos actuais para a realización dos controis sobre o terreo (I)

1. Controis clásicos
2. Controis por teledetección


3 Métodos actuais para a realización dos controis sobre o terreo (II)

3.1 Controis clásicos


- 100% en Galicia.
- Control directamente sobre o terreo de todas e cada unha das parcelas agrícolas.
- Captura da información en campo con aplicación SIX específica en Tablets co apoio de empresas contratistas



Aplicación SIX específica



Aplicación SIX específica



Aplicación SIX específica

PARCELAS AGRÍCOLAS DECLARADAS NA SOLICITUDE											UTILIZACIÓNS CONSTATADAS							OBSERVACIÓNS											
Nº PA	Referencia SIXPAC							CAP (1)		Nome finca	Utilización declarada		Axudas solicitadas						Nº PC	Código Utilización (2)	Sup Neta (ha) (3)	SIX (4)	CON (5)	D (6)	I (7)				
	TR	Pr	Con	Zn	Pol	Parc	Rec	Sup SIXPAC Total (ha)	S+P		V	Código Utilización (2)	Sup Neta (ha)	PU	COP	Forr	IC									CES			
1	S	15	47	0	40	96	1	1,76			CARBALLEIRA	63	1,76	X		X	X				1	63	0,6674						
																					2	4	1,0884						
2	S	15	47	0	40	96	2	0,08			CARBALLEIRA	63	0,08	X		X	X					1	63	0,0020					
																						2	63	0,0355					
																						3	4	0,0410					
3	S	15	47	0	40	112	1	0,15			O AGRO	4	0,08	X		X	X				1	4	0,0828						
4	S	15	47	0	40	112	1	0,15			O AGRO	93	0,07	X	X		X				2	93	0,0626						

3 Métodos actuais para a realización dos controis sobre o terreo (III)

3.2 Controis por teledetección

Mediante clasificación automática e fotointerpretación de ortoimaxes de satélite ou aéreas de distinto tipo e tomadas en distintas datas ao longo do período de cultivo. Cando este traballo de gabinete non permite obter unha conclusión satisfactoria de todas as condicións, acompáñase de visitas rápidas sobre o terreo.

De amplo uso e experiencia en España e noutros EE.MM.

Segundo as especificacións Técnicas da Comisión Europea, segundo a última versión publicada en cada momento na web da WikiCAP (http://marswiki.jrc.ec.europa.eu/wikicap/index.php/Main_Page)

Tratamento automatizado en parte da información por empresa contratista que devolve os resultados

Non utilizado ata agora en Galicia pois:

- Tamaño de parcelas e tolerancia máxima en medicións

- Importancia dos pastos arbustivos ata 2015

- Dificultade/imposibilidade para verificar determinados requisitos ou prácticas de manexo.

4 Conclusións preliminares

- Principais dificultades a priori para o uso de drones:
 - Control da diversificación de cultivos para o pago verde (greening)
 - Control dos pastos: actividade anual, predominancia herbácea e CAP
 - Control de determinadas prácticas de manexo e outros compromisos das axudas de AEC e AE
 - Controis de determinados requisitos/normas da condicionalidade
 - Controis dispersos no territorio en parte.
- Posibilidades de utilización:
 - Recollida de ortoimaxes para garantir a obtención da información no período esixido: a viabilidade depende do custo relativo respecto aos controis clásicos
 - Clasificación automática e traballo de gabinete adicional

Grazas pola súa atención
